

 Seminario Galán.org



Antonio Fraguas Fraguas



5º de Ed. Primaria Día das Letras galegas 2019

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

5º e 6º de Educación Primaria



Antonio Fraguas Fraguas naceu no lugar de Insuela, no concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905.

Os estudos primarios realizounos nun par de escolas do seu concello seguindo o bacharelato en Pontevedra e posteriormente os estudos de Filosofía e Letras na universidade de Santiago.

Durante a súa estancia en Pontevedra fundou a Sociedade da Lingua, dedicada á defensa do idioma galego e á confección dun dicionario.

En 1923 fundouse o Seminario de Estudos Galegos co obxectivo de defender a cultura galega e nel vaise integrar Antonio despois da súa chegada a Santiago, no ano 1928.

Foi profesor na universidade e catedrático de instituto na Estrada, Lugo e Santiago.

A súa vida estivo dedicada completamente ao estudo dos costumes, das festas, da xeografía, do folclore e de todas as manifestacións populares de Galicia escribindo unha chea de libros e artigos para revistas e xornais sobre estes temas.

Ingresou, en 1956, na Real Academia, ocupando a cadeira que deixara vacante Alfonso R. Castelao.

Cando se inaugurou o Museo do Pobo Galego, no ano 1977, foi nomeado director e durante o seu mandato restaurouse o Mosteiro de San Domingos de Bonaval. Este ano, a Real Academia Galega dedícalle, polo seu labor en defensa da nosa cultura, o Día das Letras.



ANTONIO FRAGUAS FOI NOMEADO CRONISTA OFICIAL DE GALICIA EN 1992.



TODA A OBRA DE ANTONIO FRAGUAS ESTIVO DIRIXIDA A DAR A COÑECER AS FESTAS, COSTUMES E TRADIÇÃO GALEGAS.

ACTIVIDADES

1.- Completa a táboa coa información do texto.

	INFANCIA	XUVENTUDE E ADULTEZ
LOCALIDADE		
CONCELLO		
PROVINCIA		
ESTUDOS CURSADOS		
TRABALLOS DESEMPEÑADOS		
OUTRAS ACTIVIDADES		

2.- Relaciona.

NOME DOS PAIS	■
LUGAR DE NACEMENTO	■
ANO 1956	■
PROFESOR DE INSTITUTO	■
MUSEO DO POBO GALEGO	■

SANTIAGO
A ESTRADA, LUGO e SANTIAGO
MANUEL TERESA
INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA
INSUELA

3.- Que batifondo! Poderías axudarnos a organizar os acontecementos da vida de Antonio Fraguas? Colorea da mesma cor as parellas.



4.- A liña do tempo da biografía de Antonio Fraguas ten algún erro... Axúdanos a atopalos e correxilos. Risca os erros que aparecen nos recadros e escríbeos correctamente na parte inferior.


LUGAR DE NACEMENTO	ESTUDOS PRIMARIOS	ESTUDOS BACHARELATO	SOCIEDADE DA LINGUA	ESTUDOS FILOSOFÍA	SEMINARIO ESTUDOS GALEGOS	DÍA DAS LETRAS GALEGAS
1905	1911	1919	1923	1924	1928	2019
GONDOMAR (PONTEVEDRA)	ARTEIXO (A CORUÑA)	SANTIAGO DE COMPOSTELA	GUITIRIZ (LUGO)	A CORUÑA	CARBALLO (A CORUÑA)	ORDES (A CORUÑA)

5.- Antonio Fraguas realizou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago e exerceu de profesor. A ti que che gustaría ser? Utiliza o esquema para organizar as túas ideas e redacta un texto.



○ ENCRUCILLADO

6.- Resolve o encrucillado relacionado coa biografía de Antonio Fraguas.



VERTICAIS

A.- Comunidade Autónoma que estudou, principalmente, Antonio Fraguas.

B.- Cidade na que estudou o bacharelato.

HORIZONTAIS

1.- Cidade amurallada na que estivo de profesor de instituto.

2.- Lugar onde naceu, no concello de Cotobade.

3.- Foi director do Museo do Pobo Galego, en San Domingos de...

4.- Localidade que foi o seu primeiro destino como profesor de instituto.


5.- Nome do concello pontevedrés no que naceu.

VERTICAIS: A.- GALICIA B.- PONTEVEDRA
HORIZONTAIS: 1.- LUGO 2.- INSUELA 3.- BONAVAL 4.- ESTRADA 5.- COTOBADÉ

**TEXTOS ANTONIO FRAGUAS
LETRAS GALEGAS 2019**

**ACTIVIDADES
5º EDUCACIÓN PRIMARIA**

É moi fácil caer nunha falsedade climática afirmando que en Galicia chove sempre como se fora unha zona de liña ecuatorial, soio que afastada corenta grados. Hai cidades como Santiago, onde por ser a primeira que tivo un pluviómetro adquiriu a fama de ser o lugar onde máis chove en España. A afirmación é totalmente falsa mesmo con relación a Galicia onde hai moitos lugares onde chove tanto, ou máis, que en Santiago. A choiva foi motivo do primeiro poema galego de Federico García Lorca:



Chove en Santiago

meu doce amor.

Camelia branca do ar

brila entebrecida ao sol.

Chove en Santiago

na noite escura.

Herbas de prata e de sono

cobren a valeira lúa.

Olla a chuvia pola rúa,

laio de pedra e cristal.

Olla no vento esvaído


soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar

Santiago, lonxe do sol.

Agua da mañán anterga

trema no meu corazón.



ACTIVIDADES

1.- Cantos graos está afastada Galicia da zona ecuatorial?

2.- Cal foi o motivo do primeiro poema de Federico García Lorca?

3.- Unha estrofa é un conxunto de versos que se repite ao longo dun poema. Saberías dicir cantas estrofas hai no poema?

4.- A rima é a igualdade ou semellanza de sons finais dos versos entre si. Pode ser rima asoante e rima consoante. Que clase de rima teñen os versos de García Lorca?


5.- Segundo o poema, onde chove?

6.- De que son as herbas?

7.- De que é o laio?

8.- De que adquiriu fama Santiago de Compostela?

9.- Observa os seguintes climogramas de Santiago e Pontevedra.



A.- Que dous meses son os máis chuviosos en Santiago de Compostela? E os dous máis secos?

B.- En Pontevedra cales son os dous meses con máis precipitacións? E os dous meses máis secos?

C.- A simple vista, en cal das dúas cidades chove máis?

D.- Cantos litros por metro cadrado se recolleron en Santiago de Compostela no mes de novembro?

E.- E cantos litros se contabilizaron en Pontevedra no mes de setembro?

10.- Observa as gráficas e contesta.

A CORUÑA

MES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
l/m ²	128	102	79	85	80	42	30	35	68	110	114	135

LUGO

MES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
l/m ²	122	108	86	94	93	52	34	34	77	115	122	146

OURENSE

MES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
l/m ²	90	81	54	70	67	39	19	23	57	97	93	124

SANTIAGO de COMPOSTELA

MES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
l/m ²	259	223	145	141	147	82	39	57	127	194	200	281

PONTEVEDRA

MES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
l/m ²	204	190	126	140	129	66	44	47	108	185	198	254

Que dous meses son os máis chuviosos nas cinco localidades?


É efectivamente Santiago de Compostela onde máis chove?

Usa a calculadora e completa a táboa das precipitacións en Galicia.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO
l/m ²					

ENCrucILLADO

11.- Completa con palabras que aparecen no relato de Antonio Fraguas referido ao clima de Galicia.



HORIZONTAIS

- 1.- Antónimo de verdade.
- 2.- Órgano principal do sistema circulatorio.
- 3.- Graos nos que Galicia está afastada da liña ecuatorial.
- 4.- Liña imaxinaria que divide a Terra en dous hemisferios: norte e sur.
- 5.- Nome do poeta granadino autor dun poema en galego adicado á choiva.
- 6.- País americano polo que pasa a liña ecuatorial.
- 7.- Territorio no que se di que chove moito, tanto como no Ecuador.
- 8.- Segundo apelido do poeta granadino Federico García.

1.- FALSEDADE 2.- CORAZÓN 3.- CORENTA 4.- ECUATORIAL 5.- FEDERICO 6.- ECUADOR 7.- GALICIA 8.- LORCA

OS BIOSBARDOS

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Os biosbardos son seres de moi diferente catadura, poden ser apostos mozos, algo trotamundos, moi difíciles de sorprenden na contorna. Tamén poden ser unha especie de paxaros que traen a boa sorte á casa onde se lles pode ter en catividade. A moza que anda preocupada con amoríos fantásticos dícese que anda aos *biosbardos*. É doado descubrir que é un vulgar engano e unha burla que se lle fai á persoa que non fai máis que vivir de fantasías.

Contáronnos moitos percances desta natureza relacionados coa captura de seres que tanto poden axudar para conseguir determinados fins. Referíase a unha muller a quen lle dixeron que podería ir á procura de biosbardos unha noite de treboada a un camiño chamado a Costiña de Reloueiro.

A muller foi e pasou a maior parte da noite cun saco, que procurou ter coa boca aberta toda a noite ao tempo que berraba: *-Biosbardo, vente ao fardo, que a alpabarda por ti agarda.*



ACTIVIDADES

1.- Que aparencia poden ter os biosbardos?

2.- Quen anda aos biosbardos?

3.- Como se chama o camiño onde a muller anda a eles?

4.- Busca o significado da palabra «alpabarda» e explica o significado da frase na que aparece no texto.

«Biosbardo, vente ao fardo, que a alpabarda por ti agarda»

5.- Galicia é unha Terra de ditos populares. Poderías explicar estes?

«Polo pan baila o can»

«Quen calar non sabe, falar non debe»

6.- Que se di dunha moza que anda preocupada con amoríos?

7.- Que tipo de animal pode ser un biosbardo?



8.- «Os biosbardos» é unha novela de Eduardo Blanco Amor, autor homenaxeado no Días das Letras Galegas de 1993. Saberías relacionar a estes outros autores e autoras co ano no que foron homenaxeados? Podes seguir estas pistas.

- 1.- Rosalía de Castro foi a primeira homenaxeada.
- 2.- Os díxitos do ano de Manuel Antonio son todos impares.
- 3.- Os díxitos do ano de Rafael Dieste tamén son todos impares, pero o ano é posterior ao de Manuel Antonio.
- 4.- A suma dos díxitos do ano de Manuel Murguía é 2.
- 5.- A Novoneyra homenaxeárono sete anos antes que a Casares.
- 6.- Carlos Casares foi o último homenaxeado de todos eles.

UXÍO NOVONEYRA	■	■	2010
MANUEL MURGUÍA	■	■	1995
ROSALÍA DE CASTRO	■	■	1979
CARLOS CASARES	■	■	2000
RAFAEL DIESTE	■	■	2017
MANUEL ANTONIO	■	■	1963


9.- Que palabras podemos formar coas consoantes de **BIOSBARDOS**?

I O S ■ B A ■ ■ I S B A R
 ■ A R D O S ■ O O ■ I A
 S O A ■ ■ I O ■ A R O S

IDOS BAR BISBAR SARDOS SOSO RÍA SOAR RÍO BARDOS

10.- Localiza nesta sopa de letras os nomes dos seres fantásticos galegos da columna da esquerda.

**MOUROS
MEIGAS
BRUXAS
LOBISHOMES
TRASNOS
TRASGOS
TARDOS
CANOUROS
FADAS
CARCAMÁN
FEITICEIRA
LUMIAS**



11.- A muller foi á feira de Santos, en Monterroso, a vender os biosbardos que apañara. Levaba no saco trinta biosbardos e vendeunos a vinte euros cada un. Chegou á súa casa con catrocentos euros. Saberías averiguar cantos biosbardos conseguiu vender na feira?

